



Compostela
Cultura

de LUGARES e ÓRGANOS



músicas e outras
paisaxes de Compostela
do 24 de agosto ao 3 de setembro 2021

de LUGARES e ÓRGANOS



Organiza: Concellaría de Acción Cultural do Concello de Santiago

Concepto e dirección artística: Belén Bermejo López

Asesoría musical: Andrés Díaz Pazos

Redacción: Andrés Díaz Pazos, Carlos Penela Martín e Belén Bermejo López

Coordinación e deseño: Sirgo Torcendo

Maquetación: Cátia Leite

Producción técnica: Goyplasón S.L.

Imprime: Gráficas Garabal S.L.

Do 24 de agosto ao 3 de setembro, Santiago volve mergullarse nas melodías dos seus órganos a través do ciclo *De Lugares e Órganos*, unha cita que forma parte da paisaxe sonora de Compostela e que, ao mesmo tempo, pon en valor e recupera sons que son parte importante da historia e cultura da cidade.

Podemos dicir que Santiago foi un dos máis importantes centros de organería e organistas do noroeste peninsular. Hai datos da presenza de organeiros en Compostela xa desde a Idade Media. A estes artesáns uníanse os mestres organistas e os músicos, creando unha industria e unha escola na que Compostela sentou cátedra. Foron moitos os intérpretes que recibiron leccións dos grandes organistas da Catedral. O resultado: Santiago é a cidade con máis concentración de órganos de Galicia. Esta gran actividade organística espallouse por todo o noroeste, e tamén cruzou o Atlántico cara ao Novo Mundo.

Esas músicas mesturáronse cos sons de alén do mar, xurdindo novas melodías que, nesta sexta edición de *De Lugares e Órganos*, retornan a Santiago con ritmos que van desde a música antiga ao jazz. A estas melodías súmanse pezas barrocas tecidas entre o mundo organístico romano e o repertorio peninsular; obras e danzas dos séculos XV e XVI procedentes dos cancioneros ibéricos, músicas ambientais e visuais, ou espazos de música ao vivo e conversa que achegará ás rúas da cidade a cultura e a tradición creada arredor do órgano.

Quería convidarvos a todas e a todos a descubrir como esa música para órgano, tecida ao longo da historia, une emocións, sentimentos, continentes e persoas, nun gran universo sonoro que se nos mostra a través *De lugares e órganos*. Esperámosvos.

Xosé Sánchez Bugallo
Alcalde de Santiago de Compostela



Un dos tesouros mellor gardados, mesmo agochados, da nosa cidade, son os seus órganos. Da tradición musical e dos séculos de historia vinculados a estas magníficas obras da arte e da técnica dan testemuño numerosos documentos custodiados nos arquivos. Compostela é, desde hai séculos, referente de cultura nos máis diversos ámbitos e, baixo o seu patrocinio, floreceu desde a Idade Media unha potente industria arredor dos órganos e dos oficios con eles relacionados, industria que irradiou cara ao resto do mapa peninsular. Aínda que gran descoñecido e por veces maltratado, este riquísimo legado non deixa, séculos despois da súa construción, de xerar expectación e de conmover pola elegancia do seu porte, mesmo nos casos en que o paso do tempo foi máis indolente con el.

Ficamos por isto honradas de presentar novamente esta iniciativa, que naceu hai xa seis anos coa idea de recuperar para a cidadanía a memoria, o presente e o futuro destes instrumentos e das súas músicas, como fonte inesgotable de inspiración. Agradecemos novamente á Concellaría de Acción Cultural e a todas as formacións e espazos que participan nesta edición a súa entrega para facer posible un ano máis de músicas diversas e de experiencias compartidas. Desde músicas do Renacemento até música *ambient*, desde as músicas máis canónicas até as máis contemporáneas, todo un variado feixe de estilos e épocas forman parte desta nova programación. Unha programación que non esquece, ademais, as conexións musicais dos nosos órganos co alén mar e que se atreve a botar, novamente, unha ollada á pegada que o órgano deixou tamén no cine. Todos estes mundos e conexións agardan, unha vez máis, seren descubertos sen saír desta a nosa fermosa cidade.

Belén Bermejo López
Directora artística
do ciclo De Lugares e Órganos



> CONCERTO INAUGURAL

MIS TRISTES OJOS CIEGAN HECHOS RÍO

Martes 24 de agosto, 20.30 h, igrexa de Santa Clara

Páx. 10

> CONVERSA E MÚSICA

**O ÓRGANO COLONIAL E AS
RELACIÓNS MUSICAIS CO ALÉN MAR**

Mércores 25 de agosto, 17.30 h, Museo do Pobo Galego

Páx. 18

> CONCERTO

DOUS MARES. MÚSICAS ENTRE DOUS MUNDOS

Xoves 26 de agosto, 20.30 h, igrexa das Ánimas

Páx. 12

> O ÓRGANO SAE Á RÚA

ENCANTRO CON DIANA BARONI E RAFAEL GUEL

Venres 27 de agosto, 19.30 h, Carmen Díaz Estilista - Kookai Naf-Naf

Páx. 22

> MATINÉS 20'

MARÍA JOSÉ CERVIÑO

Sábado 28 de agosto, 12.30 h, igrexa das Ánimas

Páx. 20

> O ÓRGANO SAE Á RÚA

PROXECCIÓN NA NUMAX DE *CARNIVAL OF SOULS*

Luns 30 de agosto, 19.30 h

Páx. 22

> CONCERTO

SONS ROMANOS E COMPOSTELA

Martes 31 de agosto, 20.30 h, igrexa de San Paio de Antealtares

Páx. 14

> MATINÉS 20'

DAVID MACEIRA

Mércores 1 de setembro, 11.30 h, igrexa de San Francisco

Páx. 20

> CONCERTO DE CLAUSURA

ECCOS. MÚSICA AMBIENTAL E VISUAIS

Venres 3 de setembro, 20.30 h, igrexa da Universidade

Páx. 16

> ÓRGANOS

IGREXA DA UNIVERSIDADE

Páx. 24

IGREXA DE SAN PAIO DE ANTEALTARES

Páx. 26

IGREXA DE SAN FRANCISCO

Páx. 28

IGREXA DAS ÁNIMAS

Páx. 30

IGREXA DE SANTA CLARA


Páx. 32

Retirada de entradas:

As entradas para actividades e concertos son de balde, mais cómpre retirar invitación segundo o establecido na web compostelacultura.gal. O acceso farase por orde de chegada ata completar a capacidade de cada espazo, segundo as normas de aplicación xeral para a prevención do contaxio do COVID-19. A apertura de portas terá lugar media hora antes da hora de comezo dos concertos e actividades. Nos exteriores da porta de acceso respectaranse as distancias interpersoais de seguridade, evitan-

do aglomeracións. Será obrigatorio o uso de máscara e xel desinfectante, segundo as normas de aplicación xeral. Respectaranse en todo momento as indicacións do persoal de produción encargado de acomodar o público e a sinalización establecida para acceso e saída dos espazos. A asistencia á proxección na NUMAX ten un custo de 4 €. Pódense mercar entradas anticipadas no despacho de billetes do cinema ou na web numax.org.





CORINA MARTI

MÚSICA

Igrexa de Santa Clara
Martes 24 de agosto, 20.30 h

MISTRISTES OJOS CIEGAN HECHOS RÍO

OBRAS DO CANCIONERO DE PALACIO, CABEZÓN,
BRUNA E FERNÁNDEZ PALERO, ENTRE OUTROS

A organista e cembalista Corina Marti preséntase de novo no ciclo De Lugares e Órganos, para interpretar un programa concibido en exclusiva para o órgano histórico de Santa Clara. A orixe do programa está nun proxecto de gravación, que terá lugar nos vindeiros meses, adiado xa en varias ocasións por mor da pandemia.

Compoñen o repertorio obras dos séculos XV e XVI procedentes de cancioneros ibéricos e danzas que, xa na altura, foron arranxadas para seren tocadas ao órgano, canda obras dos grandes organistas dos ss. XVI e XVII, como Cabezón, Bruna ou Aguilera de Here-

día. O programa ten tamén como trasfondo as relacións musicais entre a corte de Carlos I e as casas de Borgoña, Francia ou Portugal.

Corina Marti estará acompañada por dúas cantantes e polo son dunha arpa, nunha combinación instrumental habitual para a interpretación destes repertorios durante o Renacemento e o primeiro Barroco.

Maria Bayley, voz e arpa
Ana María Fonseca Núñez, voz
Corina Marti, órgano, espineta e dirección



DIANA BARONI / GRUPO I 500 / MARCO AURÉLIO BRESCIA

MÚSICA

Igrexa das Ánimas
Xoves 26 de agosto, 20.30 h

DOUS MARES

MÚSICAS ENTRE DOUS MUNDOS

A chegada ao Novo Mundo supuxo un xiro copernicano na historia moderna. Especificamente no musical, houbo un pronto recoñecemento mutuo entre pobos que se confrontaban na conquista, mais para os que a música era un xeito de vida e expresión consubstancial á propia existencia diaria. Do encontro entre as músicas ibéricas e as que se facían en América Central e do Sur, xurdiu un rico verxel de melodías e ritmos novos e orixinais, que aínda hoxe perduran. O programa trata de dar mostra dese frutífero encontro, mesurando músicas dun lado e outro do océano, facendo ao tempo unha alegórica homenaxe ao mar polo que viaxaron, de ida e volta, eses ritmos e estilos musicais, os instrumentos e mesmo os propios músicos.

O órgano, testemuña viva dese proceso de retroalimentación musical xerado a partir do século XVI, será o elemento condutor do programa, que permitirá amalgamar influencias diversas, a través de obras que simbolizan

esa asimilación de trazos de ambos os dous universos musicais. Esa simbiose estará especialmente representada a través da figura do xesuíta italiano Domenico Zipoli e das músicas chiquitanas procedentes das misións de Bolivia. Pero tamén a formación musical do concerto de hoxe simboliza ese encontro, a carismática frautista e cantante argentina Diana Baroni, canda o multiinstrumentista Rafael Guel, xúntanse con músicos galegos que navegan por diferentes estilos e influencias, desde a música antiga ao jazz, para ofrecer unha apaixonante travesía entre dous continentes.

Diana Baroni, voz e traverso

Lorina Vallaster, voz e frautas

Belén Bermejo, voz

Rafael Guel, guitarra e percusións

Roberto Santamarina, violín e fídula

José Manuel Díaz, contrabaixo

Andrés Díaz, frautas, vihuela, dirección

Marco Aurélio Brescia, órgano



FERNANDO BUIDE

MÚSICA

Igrexa de San Paio de Antealtares
Martes 31 de agosto, 20.30 h

SONS ROMANOS E COMPOSTELA

RECITAL DE ÓRGANO

O compostelán Fernando Buide é un dos máis recoñecidos, laureados e programados músicos do panorama compositivo actual. Ademais de compositor e pianista, Fernando é tamén organista e desempeñou o posto de organista titular da igrexa presbiteriana de Forest Hills en Pittsburgh durante os seus estudos universitarios. Doutor pola Universidade de Yale, estudou tamén na Universidade Carnegie Mellon de Pittsburgh e a súa música ten sido programada polas principais orquestras españolas e por importantes orquestras do resto do mundo.

Buide fai a súa presentación dentro do ciclo De Lugares e Órganos cun repertorio que explora as frutíferas relacións que, particularmente no esplendor do Barroco, se teceron entre o mundo organístico romano e o repertorio ibérico. O percorrido sonoro do concerto esténdese tamén a creacións ac-

tuais, que exploran o peculiar universo sonoro do órgano barroco ibérico, o cal ten, no órgano de San Paio, un dos seus máis fascinantes expoñentes. Durante o concerto, a xeito de interludio, faremos unha breve pausa na música para dar paso á conversa con esta interesante figura do panorama compositivo e musical galego e coñecer máis de preto a súa música, a súa persoa e os seus proxectos.

Fernando Buide, órgano



RAFA FERNÁNDEZ

MÚSICA

Igrexa da Universidade
Venres 3 de setembro, 20.30 h

ECCOS

MÚSICA AMBIENTAL E VISUAIS PARA A IGREXA DA COMPAÑÍA

Creado polo músico Rafa Fernández, *Eccos* é o resultado dun traballo específico, creado para o espazo da igrexa da Universidade, dentro do ciclo De Lugares e Órganos, no que se mesturan música *ambient*, con base en pequenas estruturas harmónicas e melódicas, con videocreación ao vivo a partir de material analóxico, no que se explora, tanto a figura do órgano como instrumento, como o seu papel como elemento integrador do conxunto arquitectónico no que se atopa. O repertorio orixinal foi composto polo director do proxecto para guitarra eléctrica, contrabaixo e órgano, a partir dun pormenorizado estudo da arquitectura do espazo e das súas sonoridades e atmosferas suxestivas, sen perder de vista, ao tempo, o encaixe entre estes ele-

mentos e os aspectos visuais da proposta, de temática abstracta e paisaxística. O concerto trata así de describir unha paisaxe sonora que é quen de cativar a unha audiencia que se pode entregar, ao tempo, á escoita e á contemplación das imaxes e texturas do cineasta Iván Torres.

Rafa Fernández, guitarra eléctrica
e composicións
Virxilio da Silva, guitarra eléctrica
Juan Cañada, contrabaixo
Alejandro Salgueiro, órgano
Iván Torres, visuais

O ÓRGANO COLONIAL E AS RELACIÓNS MUSICAIS CO ALÉN MAR

OUTRAS PAISAXES

CHARLA-CONCERTO CO ORGANISTA E INVESTIGADOR MARCO AURÉLICO BRESCIA

O organista ítalo-brasileiro Marco Aurélio Brescia é un experto coñecedor dos repertorios de música para tecla de tradición ibérica e italiana dos séculos XVI a XIX. Ademais dunha extensa carreira concertística, Brescia é doutor en Musicoloxía pola Universidade Paris IV- Sorbonne, investigador da Facultade de Ciencias Sociais e Humanas da Universidade Nova de Lisboa e foi o principal impulsor da restauración crítica do órgano histórico Almeida e Silva de Diamantina (1787). Foi precisamente neste órgano que Marco Brescia fixo a gravación da integral das obras para órgano, publicadas por Domenico Zipoli xunto a obras chiquitanas a el atribuídas, que serán interpretadas no concerto que terá lugar na igrexa das Ánimas. Conversaremos co investigador sobre as relacións

musicais que se estableceron entre Europa e os territorios de alén mar e o papel que neste proceso xogaron tamén os órganos como o de Diamantina, no Brasil.

Marco Aurélio Brescia interpretará, ademais, algunhas pezas representativas destes repertorios nun clavicordio, reprodución dun modelo do s. XVI, instrumento que, tradicionalmente, se empregaba para o exercicio diario dos organistas.

Data e hora: Mércores 25 de agosto, 17.30 h
Lugar: Coro alto de San Domingos de Bonaval
(entrada polo Museo do Pobo Galego)



Fonte: Patrimonio Nacional-Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes

MATINÉS 20'

Sábado 28 de agosto, 12.30 h,
igreja das Ánimas
Órgano: María José Cerviño

Encetamos a segunda edición deste formato de concerto de 20 minutos de música, en diferentes órganos da cidade, para achegármolos, da man dos seus intérpretes e doutra maneira, a este apaixonante instrumento. Nesta ocasión, estaremos na compañía de María José Cerviño, organista da igrexa das Ánimas, e David Maceira, organista de San Francisco, que interpretarán e presentarán un repertorio da súa escolla, aproximándonos, ao tempo, ao seu oficio e práctica como organistas.

María José Cerviño é profesora titulada superior de piano, estudos que cursou en Santiago de Compostela, Madrid e Polonia. Foi fundadora e directora da Escola Municipal de Música de Portosín e profesora de piano do Conservatorio Profesional de Noia durante máis de vinte anos. Na actualidade é directora da Escola de Música Berenguela desde a súa fundación, en 1995, e profesora de piano, institución desde a que vén desenvolvendo un intenso labor para a dinamización dos órganos en Santiago a través de iniciativas como o Compostela Organum Festival. Como organista recibe clases de Bruno Forst e, na actualidade, é organista da capela da igrexa das Ánimas.

Mércores 1 de setembro, 11.30 h,
igreja de San Francisco
Órgano: David Maceira

David Antonio Maceira Martínez comeza a estudar piano aos seis anos e, en 2013, inicia a formación de órgano no Conservatorio Profesional de música de Ourense coa profesora Marisol Mendive, obtendo matrícula de honra e premio de fin de grao. Ademais, recibiu clases máxistras de interpretación e improvisación de Juan de la Rubia, Montserrat Torrent ou Ana Mafalda. En 2016 obtivo o cuarto premio no III Concurso nacional de interpretación para jóvenes, celebrado en Algemesí e, en 2019, o primeiro premio compartido no I Concurso Mestre Vide, convocado polo Conservatorio Profesional de Música de Ourense. Ten participado en diversos concertos en España e Portugal, tanto como solista, como acompañando formacións vocais e instrumentais, destacando as súas intervencións coa Real Filharmonía de Galicia, baixo a dirección de Edmón Colomer, e a súa colaboración coa Banda Municipal de Santiago. Desde 2011 é organista da igrexa conventual de San Francisco, en Santiago. Recentemente foi admitido para cursar estudos na prestixiosa ESMUC.



O ÓRGANO SAE Á RÚA

MÁIS QUE MÚSICA

ENCONTRO CON DIANA BARONI E RAFAEL GUEL

Un espazo de música ao vivo e conversa, que nos achegará á cultura, á tradición e ao rico folclore das músicas latinas e amerindias, con estes dous grandes coñecedores dos devanditos repertorios.

Data e hora: Venres 27 de agosto 19.30 h

Lugar: Carmen Díaz Estilista - Kookaí Naf-Naf, Rúa Doutor Teixeiro, 20

PROXECCIÓN DE CARNIVAL OF SOULS, 1962.

A proxección desta película enmárcase dentro da sección "A pegada do órgano no cine", que comezou hai dúas edicións coa proxección, na NUMAX, da película *Crónica de Anna Magdalena Bach. Carnival of souls* pasou a ser considerada, co paso do tempo, como un filme de absoluto culto. Trátase dun thriller que traballa unha potente atmosfera

fantasmal, na que o órgano, como instrumento musical, é tratado cun protagonismo especial, mostrando diferentes e interesantes facetas do mesmo.

A proxección irá precedida dunha pequena charla introdutoria en colaboración con persoal da NUMAX para contextualizar a proxección e achegar as claves que permitan entender a conexión co mundo do órgano e da organería.

Data e hora: Luns 30 de agosto, 19.30 h

Lugar: Cinema NUMAX, Concepción Arenal, 9

Prezo 4 € (venta anticipada no despacho de billetes do cinema ou na web numax.org)

EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA ARREDOR DOS ÓRGANOS DE COMPOSTELA

Durante todo o período de programación, en escaparates de diferentes establecementos comerciais da cidade.



O ÓRGANO DA IGREXA DA COMPAÑÍA OU DA UNIVERSIDADE

A presenza do órgano na igrexa da Universidade hai que trazala a partir da translación dos racioneiros da confraría do Sancti Spiritus ao templo, a consecuencia da expulsión dos xesuítas en 1767. Esta expulsión motivou a distribución dos seus bens móbiles e inmobles entre diferentes institucións da cidade e que a igrexa pasase a ser atendida polos anteditos racioneiros. Estes racioneiros tiñan un papel destacado en diversas liturxias catedralicias, entre as que podemos citar o canto da **Salve** á tarde, “diante da imaxe da Virxe preñada”, é dicir, a Virxe do O, daquela situada no antigo trascoro. Por este motivo, unha das caldades que tiñan que reunir era a de posuíren unha boa voz para participar co canto nestas liturxias que, de xeito ordinario, eran acompañadas polo órgano. Coa ocupación da igrexa polos racioneiros, hai constancia documental do uso dun “realexo” (un pequeno órgano portátil de 3 ou 4 rexistros) no templo, o cal indica que os xesuítas non a dotaran dun instrumento. Ao mesmo tempo, contábase co servizo dun organista estable.

Con posterioridade, sobre o ano 1800, decidíase construír un órgano de maior porte. O artífice elixido será o organeiro de orixe madrileña Manuel Sanz, que se formara como oficial no obradoiro do extraordinario organeiro real, Pedro Liborna Echevarría, que xa traballara en Galicia entre 1773 e 1778 na ampliación dos órganos da Catedral e, desde este último ano ata 1780, na construción dos órganos de Iria Flavia e da igrexa de Santiago de

Padrón. A obra durou de novembro de 1800 ata abril de 1802 e tivo un custo total de 49.572 reais e 2 maravedís. Era esta unha suma elevada que viña supor, aproximadamente, o total das importantes rendas anuais que tiñan os racioneiros do Sancti Spiritus e, desde logo, moito máis do que dedicaban ás obras e mantemento da igrexa e aos seus empregados. Como detalles anecdóticos, diremos que o estaño da aliaxe dos tubos constituía un 10% aproximadamente do custo total da obra (4.250 reais), da mesma orde que o custo da caixa (4.730 reais, incluída a madeira), debida ao artesan local Agustín Trasmonte. O tamén artista local, Manuel do Porto, pintará a caixa por un total de 2.000 reais.

O órgano, cara ao ano 1850, atopábase xa algo deteriorado, como se pode constatar por un informe do organeiro da Catedral, Pedro Méndez de Merries, no que destaca a calidade do instrumento e cifra o seu arranxo e posta a punto en 1.000 reais. Coa desamortización e o paso da igrexa á Universidade é probable que, tanto o seu uso como os coidados necesarios para manter un instrumento destas características, decaesen. De feito, a fins do século pasado o órgano estaba inutilizado. A feliz intervención, en 1998, do obradoiro de organería de Gerhard Grenzing, baixo o soporte económico da Fundación Pedro Barrié de la Maza, con motivo do V Centenario da USC, permitiu recuperar esta alfaia da organería histórica galega.

Andrés Díaz Pazos



O ÓRGANO DE SAN PAIO DE ANTEALTARES


Coa reorganización das ordes monacais en Galicia, a comezos do século XVI, as monxas beneditinas pasarán a ocupar o mosteiro de Antealtares e, moi axiña, construírán un órgano, en 1537, feito por Pedro Vélez, un organeiro activo daquela en Galicia, en particular en Santiago. Xa no século XVII, no ano 1625, o daquela organeiro da Catedral, Gaspar de Alaraz y Estrada, traballará tamén para o mosteiro, non sabemos se facendo unha profunda remodelación do instrumento xa existente ou un novo. Este órgano debeu durar ata fins do século XVIII, que é cando o organeiro compostelán Alberto de la Peña constrúe o magnífico instrumento que hoxe podemos ver e escoitar. En efecto, entre 1782 e 1784 construíu De la Peña este órgano, un dos máis importantes que se conservan en Galicia no seu estado orixinal. Tivo unha primeira restauración, en 1974, a cargo do obradoiro de organería de Gerhard Grenzing, que daquela escribiu que se trataba dunha "peza mestra e unha representación exemplar da arte dos organeiros españois".

O instrumento ten dous teclados de 51 teclas, partidos e con oitava tendida. O primeiro teclado controla o chamado órgano maior, aquel composto polos canos da fachada

e outros máis dentro da caixa, pero na súa parte frontal. Pola contra, o segundo teclado controla a chamada "cadeireta interior", que é como un pequeno órgano independente, con todos os canos dentro da caixa situados cara á parte de atrás. O son deste segundo teclado é máis feble e afastado que o do primeiro, o que permite ao instrumentista introducir cambios de intensidade na súa interpretación, e tamén mudar os timbres, pois cada teclado dispón de diferentes rexistros. O número total de rexistros é, no órgano maior, de 13 na man esquerda e 15 na dereita e, na cadeireta, de 7 na man esquerda e 8 na dereita. Ten, ademais, 10 contras ou canos de sonoridade grave, que se poden accionar cos pés.

Para Compostela en particular, e para Galicia en xeral, este instrumento representa un dos cumes da arte da organería, no momento de máximo esplendor do chamado órgano barroco ibérico. É, por tanto, unha das pezas máis importantes, en termos absolutos, do noso patrimonio histórico, construído ademais por un organeiro formado en Compostela, daquela un dos principais focos da organería peninsular.

Andrés Díaz Pazos



O ÓRGANO DA IGREXA DE SAN FRANCISCO

O órgano que hoxe escoitamos na igrexa de San Francisco é apenas o último elo dunha longa cadea de instrumentos franciscanos que, sucesivamente, se foron substituíndo os uns aos outros. Na igrexa antiga, derrubada en 1740, houbo, polo menos, dous, un deles fabricado por Manuel de la Viña, organeiro catedralicio, en 1714. Posteriormente, rematada a actual, construíuse outro en 1789 (probabelmente obra do frade Felipe de la Peña) do que case non hai datos e que perdurou só un século. Así, no ano 1888 resólvese encargar un novo á prestixiosa firma alemá Richard Ibach. Situado mesmo en fronte do órgano antigo, é inaugurado no día 7 de decembro de 1890, nas vésperas solemnes da Inmaculada Concepción. Magnífico exemplo da última etapa artística da casa Ibach (dirixida entón por Richard Ibach fillo), ten 2 manuais, pedaleira completa, caixa expresiva, pedal de crescendo e 37 rexistros compostos por máis de 2100 canos. Isto tórnao o único instrumento apto da cidade (xunto co da Catedral) para a interpretación do repertorio barroco europeo, romántico ou contemporáneo. Os someiros son de válvula cónica, a transmisión é mecánica para os manuais (con dúas máquinas pneumáticas) e os pedais, e pneumática para os rexistros.

Aínda que plenamente romántico no seu concepto e sonoridade, resulta curiosa a relativa abundancia de xogos de mutación, mestura e, especialmente, de batalla a respecto doutros órganos alemáns da mesma época; característica frecuente nos órganos Ibach destinados á Península Ibérica. A súa relevancia histórica é grande, pois é o primeiro e maior órgano romántico instalado en Galicia. Isto supón o tránsito da aínda moi arraigada tradición ibérica ás novas tendencias románticas que xa levan décadas a se desenvolver na Europa e abre o camiño á chegada posterior doutras firmas como Walcker, Alberdi ou Eleizgaray.

Despois das desafortunadas intervencións de 1990 e 2014, a situación actual do órgano é bastante complexa, precisando dunha minuciosa e profunda restauración. Cómpre destacar que, a finais de 2020, a firma Grenzing realizou unha posta a punto na que reharmonizou parte da canutería. Esperemos que marque unha mudanza de rumbo na historia do maltratado órgano e supoña o punto de partida para a elaboración de futuros plans de recuperación integral

David Maceira Martínez



O ÓRGANO DA IGREXA DAS ÁNIMAS

Ademais da Catedral e da gran cantidade de mosteiros da cidade, houbo historicamente en Compostela outros clientes que moitas veces adquirían para si un órgano: as confrarías. Naturalmente, só as que tiñan rendas e recursos económicos suficientes podían permitirse un instrumento coma este e, en calquera caso, tratábase de instrumentos máis cativos que os da Catedral ou os dos mosteiros máis importantes. Porén, temos noticia, desde bastante cedo, de que a Confraría do Rosario (con sede en San Domingos de Bonaval) tiña un órgano e contribuía a manter os restantes órganos do convento. Tamén quedan restos dun órgano, sufragado pola Confraría da Nosa Señora do Socorro, na capela lateral de igual nome, da igrexa de San Martiño Pinario. E a motivos similares respondía a presenza dun instrumento na capela da Confraría dos Clérigos do Coro da Catedral. Así pois, cando se remata a Igrexa das Ánimas, sede da Confraría das Ánimas, esta decide dignificar o magnífico templo e as súas celebracións dotándoa dun órgano. Nun primeiro momento (xaneiro de 1855) encargáraselle a Santiago Tafall, organeiro da Catedral e daquela un dos máis importantes organeiros

peninsulares. Este gañaría o concurso convocado para súa construción. Porén, debido á súa sona, Tafall estaba naquela altura ocupado en obras de moita envergadura: entre 1855 e 1864 intervirá, entre outros, nos órganos grandes de todas as catedrais de Galicia a excepción da de Tui. Por iso, a obra das Ánimas queda sen facer. Non será ata 1880 (segundo consta na caixa do instrumento) que o órgano quede rematado, da man doutro organeiro compostelán, Ramón Cardama, do que non temos moitos datos máis alá das intervencións que fixo na cidade. Dentro da súa caixa neogótica, o órgano segue nas súas características a estética do órgano barroco ibérico, escola na que probablemente se formase (e, en certo modo, "militase") o seu organeiro, nun momento no que o chamado órgano romántico xa acadara unha ampla difusión por toda Europa. Foi restaurado recentemente polo obradoiro de organería dos irmáns Desmottes, atópase nun excelente estado de conservación e é outra interesante peza do rico panorama dos órganos de Compostela.

Andrés Díaz Pazos



O ÓRGANO DO REAL CONVENTO DE SANTA CLARA

Como no caso dos seus irmáns franciscanos, tamén as clarisas consideraban o órgano unha peza fundamental dentro do mobiliario litúrxico das súas igrexas, como parte consubstancial e insubstituíble dos oficios. E o convento de Santa Clara de Compostela, dende logo, non foi unha excepción á regra. Sabemos que no ano 1565 o organeiro de orixe viguesa, Pedro Martínez de Montenegro, fixo un órgano para o mosteiro *“que ha de tener cinco registros (...) y haber muchas y buenas mudanzas con sus rruyseñores segun y de la manera que estan fechos los horganos de la iglesia de santa maria la nueba”*. Un órgano de concepción renacentista que, con moita probabilidade, substituíu un anterior. De xeito colateral, deducimos tamén que a mediados do século XVI había en Santiago un órgano na desaparecida igrexa de Santa María a Nova. O órgano de Montenegro será substituído por outro debido a un organeiro, de probable orixe portuguesa, pero que se asenta e traballa en Santiago: Baltasar Machado. En 1668 fará un novo órgano para as clarisas que terá unha vida moi efémera, pois coa reedificación da igrexa o organeiro da Catedral de Santiago, Manuel de la Viña, comezará a construír en 1709 o instrumento que hoxe podemos admirar.

Da importancia que lle daban as monxas clarisas ao uso do órgano nas súas celebracións litúrxicas dá boa proba o feito de que, mentres

se constrúe a nova igrexa, a fins do século XVII, e xa que daquela se debeu retirar o órgano de Baltasar Machado, Juan Galindo, arpista da Catedral e tamén organeiro, emprestará un pequeno órgano realexo ao mosteiro.

Polo demais, o interesante instrumento que agora acolle o mosteiro ten gran parte da tubaxe orixinal de De la Viña, a pesar das intervencións sufridas en 1750 e 1865, esta última a cargo do organeiro compostelán Ramón Cardama, autor do órgano da capela das Ánimas. Dase o caso curioso de que Cardama foi o pai dunha das organistas do convento sobre a que temos noticia: sor M^a de la Asunción Cardama, que profesou no ano 1885 e é recordada como unha hábil organista e pianista. Tamén tivo o órgano unha intervención entre 1930 e 1932, polo franciscano frei Manuel Fernández, que alterou severamente a súa disposición orixinal. Porén, a recente restauración feita no órgano, no ano 2004, pola casa inglesa Goetze&Gwynn devolveuno, felizmente, ao seu estado orixinal, conservando aquelas adicións posteriores que respectaron a súa esencia de órgano barroco ibérico. Así, o órgano de Santa Clara é un dos máis antigos de Galicia, plenamente operativo, que podemos escoitar hoxe en día.

Andrés Díaz Pazos





de LUGARES e ÓRGANOS



Agradecementos

- _Santiago Ferreiro Fernández, párroco da igrexa das Ánimas
- _Comunidade de beneditinas de San Paio de Antealtares
- _Comunidade de clarisas do convento de Santa Clara
- _Padres franciscanos da comunidade franciscana de Santiago de Compostela
- _Xan Gómez Viñas, responsable de comunicación da NUMAX
- _Alejandra Escolante Mujico (foto de portada)
- _Todas aquelas persoas e establecementos de Compostela que, coa súa colaboración, fixeron posible este proxecto





COLABORAN:



NUMAX



Museo do Pobo Galego

CARMENDÍAZ
estudios

